

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

EXTRACTO da Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan para o ano 2025 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B).

BDNS (Identif.): 806297.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/inicio>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias as entidades locais, propietarias de elementos incluídos no Catálogo galego de árbores senlleiras na data de publicación desta orde. Tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de entidades locais (agrupación, asociación, mancomunidade, consorcio, fusión ou calquera outra similar).

Segundo. Obxecto

Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras regulado polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT804B) destinadas ás entidades locais.

Terceiro. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras e se convocan axudas para o ano 2025 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B).



Cuarto. *Contía*

O importe asignado é de trinta mil euros (30.000,00 €), sen prexuízo do incremento orzamentario que se poida realizar con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será de 1 mes contado a partir do día seguinte da publicación da orde.

Sexto. *Outros datos*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que fosen realizados desde a certificación de non inicio ata o 15 de outubro de 2025.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

